

mar a información referida a estas contida na Central de Información de Riscos das Entidades Locais ou, de ser o caso, efectuar a remisión inicial da información que deba integrala.

2. O 31 de decembro do ano de entrada en vigor deste regulamento, o Ministerio de Economía e Facenda elevará informe detallado dos incumprimentos producidos á Comisión Nacional de Administración Local.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

19072 REAL DECRETO 1366/2007, do 19 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento das razas autóctonas en perigo de extinción. («BOE» 264, do 3-11-2007.)

A normativa básica que veu regulando, durante os últimos anos, en España as axudas ás entidades ou asociacións oficialmente recoñecidas para a conservación das razas en perigo de extinción é o Real decreto 997/1999, do 11 de xuño, sobre fomento das razas autóctonas españolas de protección especial en perigo de extinción.

Mediante esta normativa veuse financiando e apoiando esta liña de actuación que a nivel nacional e internacional experimentou un auxe considerable, en consonancia co interese desenvolvido e a concienciación para a preservación da diversidade zooloxénica.

Á vista da experiencia na súa aplicación, así como ante a necesidade dun maior impulso ao mantemento e á conservación do elevado patrimonio xenético que as devanditas razas supoñen, é preciso substituír esta norma para establecer expresamente as axudas para a xestión do libro xenealóxico correspondente e adaptala á normativa comunitaria vixente.

De acordo co anterior, de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento aprobado mediante Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e dentro do marco establecido no Regulamento (CE) n.º 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 70/2001 (DOUE L 358, do 16 de decembro de 2006), procédese a substituír o Real decreto 997/1999, do 11 de xuño, para dispor entre as actuacións subvencionables o mantemento dos libros xenealóxicos e para a súa adaptación á citada normativa, establecendo unha nova norma reguladora das bases das subvencións para o fomento das razas autóctonas en perigo de extinción, contidas no anexo do Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España, destinadas ás organizacións ou asociacións de gandeiros recoñecidas polas comunidades autónomas.

Coa finalidade de regular debidamente este réxime de axudas e tendo en conta que as modificacións que se van incorporar afectarían boa parte do articulado do Real decreto 997/1999, do 11 de xuño, que sufriría unha modificación moi extensa, considérase o máis conveniente, para maior claridade e conseguinte seguridade xurídica, ditar un novo real decreto e derogar o antes citado.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de outubro de 2007,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento das razas autóctonas en perigo de extinción, contidas no anexo do Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España, destinadas ás organizacións ou asociacións de gandeiros recoñecidas polas comunidades autónomas.

Artigo 2. *Beneficiarios.*

Poderanse acoller ás axudas a que se refire o artigo anterior as organizacións ou asociacións de gandeiros recoñecidas polas comunidades autónomas que cumpran os requisitos seguintes:

- a) Carecer de ánimo de lucro.
- b) Acreditar que os gandeiros que as integran dispoñen dun mínimo do 60 por cento das reprodutoras da raza ou razas en perigo de extinción.
- c) Cumprir os requisitos exigidos polos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os establecidos no anexo I do Regulamento (CE) n.º 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas.
- d) Estar oficialmente recoñecidas para a xestión do libro ou libros xenealóxicos da raza ou razas en perigo de extinción pola comunidade autónoma correspondente e garantir nos estatutos a participación democrática dos seus membros e a ausencia do trato discriminatorio para os criadores.
- e) Garantir nos seus estatutos a participación democrática dos membros e o acceso dos non-membros aos beneficios que perciban os asociados procedentes das administracións públicas.

Artigo 3. *Actuacións obxecto de subvención.*

1. Poderán ser subvencionadas as seguintes actuacións:
 - a) Realización de estudos e estatísticas sobre os aspectos etnolóxicos, zootécnicos e produtivos das especies, así como sobre a súa caracterización morfolóxica e reprodutiva.
 - b) Educación, formación e divulgación de coñecementos científicos en materia zootécnica.
 - c) Organización de certames gandeiros e participación nestes.
 - d) Creación ou mantemento de libros xenealóxicos.
 - e) Elaboración de programas de conservación e mellora xenética e a súa posta en práctica.
 - f) Creación de bancos de xermoplasma, seme e embrións conxelados ou reserva en vivo en centros autorizados oficialmente.

2. As actividades das alíneas a) e e) do punto anterior deberán estar realizadas por centros de investigación ou desenvolvemento e asinadas por un responsable destes.

Artigo 4. Tramitación, resolución e pagamento.

1. Logo de convocatoria que será aprobada anualmente, de acordo co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, as solicitudes de axudas dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma que outorgase o recoñecemento oficial para a xestión do libro xenealóxico, para os efectos de que anualmente resolvan a concesión ou denegación das axudas que se establezan no marco deste real decreto e procedan ao seu pagamento.

2. Nas resolucións de concesión das axudas faranse constar expresamente os fondos que proceden dos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 5. Prelación e valoración.

Na concesión das subvencións previstas neste real decreto terán prioridade as solicitudes das entidades de segundo grao que agrupen asociacións de criadores de animais de razas puras en perigo de extinción e valorárase a capacidade da organización ou asociación de criadores para desenvolver as actuacións que se van financiar, coa maior eficacia, eficiencia e economía de medios persoais e materiais, tendo en conta os censos e explotacións.

Artigo 6. Contía das axudas.

1. O importe da subvención, xa sexa por si soa ou en concorrencia con outra ou outras das axudas ou subvencións que poida conceder calquera outra Administración ou ente público ou persoa física ou xurídica, non poderá superar o custo total da actividade obxecto da subvención nin os límites establecidos no Regulamento (CE) n.º 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 70/2001, nin tampouco as seguintes contías e porcentaxes máximas estimadas para as subvencións:

a) A contía total da subvención, que se destinará a financiar os custos que ocasione a realización das actuacións previstas no artigo 3, con fondos dos orzamentos xerais de Estado, non poderá superar un máximo de 60.000 euros por raza e anualidade.

b) Non obstante, para as actuacións previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 3.1, a porcentaxe máxima da axuda será do 100 por cento, mentres que o financiamento das actuacións previstas nas súas alíneas e) e f) non poderá ser superior ao 70 e 40 por cento do seu custo, respectivamente.

c) En todo caso, o importe recibido por un mesmo beneficiario pola suma das alíneas a), b) e c) do artigo 3.1 non poderá exceder os 100.000 euros ao longo de tres exercicios fiscais.

2. As axudas reguladas neste real decreto non poderán concorrer con ningunha outra axuda estatal do artigo 87.1, do Tratado da Comunidade Europea, nin con contribucións financeiras estatais, incluídas as reguladas polo artigo 88.1, parágrafo segundo do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), nin con contribucións financeiras da Unión Europea, correspondentes aos mesmos custos subvencionables, se iso conduce a unha intensidade da axuda superior ao máximo establecido no Regulamento (CE) n.º 1857/2006.

Artigo 7. Transferencias de fondos.

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación transferiralles ás comunidades autónomas as cantidades que correspondan para atender o pagamento das subvencións reguladas por este real decreto, de acordo coas disponibilidades orzamentarias e conforme o establecido no artigo 86 da Lei 47/2003, do 23 de novembro, xeral orzamentaria.

2. Para cada exercicio establecerase, coas disponibilidades orzamentarias e tendo en conta, de ser o caso, os remanentes de fondos resultantes ao finalizar cada exercicio orzamentario que se atopen en poder das comunidades autónomas, a cantidade máxima que se transferirá a cada comunidade.

Artigo 8. Información.

1. As comunidades autónomas deberanlle comunicar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 31 de decembro de cada ano, a relación das asociacións recoñecidas no seu territorio, indicando o alcance e contido do recoñecemento, e a normativa sobre a que se basea.

2. Finalizado o exercicio económico, as comunidades autónomas deberán remitir un estado comprensivo das obrigacións recoñecidas e os pagamentos realizados ata o peche do exercicio económico pola subvención ou subvencións xestionadas.

Artigo 9. Acumulación e compatibilidade das axudas.

1. As subvencións previstas neste real decreto serán compatibles con calquera outra que, para a mesma finalidade e obxecto, puidesen establecer outras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

2. Non obstante, a obtención concorrente de axudas outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, cando o importe total das subvencións percibidas por cada beneficiario supere o custo de toda a actividade que se vaia desenvolver para o período de que se trate, dará lugar á redución que corresponda no importe das subvencións reguladas neste real decreto, ata axustarse a ese límite.

Se aínda así a suma de subvencións supón unha intensidade da axuda superior ás porcentaxes máximas establecidas no artigo 6 ou na normativa estatal ou comunitaria aplicable, reducirase ata o citado límite.

Disposición adicional única. Asociacións xa recoñecidas.

As asociacións xa recoñecidas ao abeiro do Real decreto 997/1999, do 11 de xuño, sobre fomento das razas autóctonas españolas de protección especial en perigo de extinción, manterán o devandito recoñecemento nos mesmos termos que o obtiveron.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Queda derogado o Real decreto 997/1999, do 11 de xuño, sobre fomento das razas autóctonas españolas de protección especial en perigo de extinción.

Disposición transitoria única. Extinción das axudas á creación de bancos de xermoplasma, seme e embrións conxelados ou reserva en vivo en centros autorizados oficialmente.

As actividades subvencionables comprendidas no artigo 3.1.f) só serán financiáveis ata o 31 de decembro de 2011.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.13ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de outubro de 2007

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

19074 *REAL DECRETO 1470/2007, do 2 de novembro, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría. («BOE» 264, do 3-11-2007.)*

O Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, que establece disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política común e insta a determinados réximes de axuda aos agricultores e que modifica os regulamentos (CEE) n.º 2019/93, (CE) n.º 1452/2001, (CE) n.º 1453/2001, (CE) n.º 1454/2001, (CE) n.º 1868/94, (CE) n.º 1251/1999, (CE) n.º 254/1999, (CE) n.º 1673/2000, (CEE) n.º 2358/71 e (CE) n.º 2529/2001, ofrece aos Estados membros a opción de aplicación parcial de determinados pagamentos directos mediante a retención dunha porcentaxe de determinados pagamentos incluídos no réxime de pagamento único, para dar unha axuda adicional aos agricultores vinculada ás súas decisións de produción.

A Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social establece, no seu artigo 120, a aplicación en todo o territorio a escala nacional do réxime de pagamento único previsto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.

En aplicación do artigo 64 do mencionado regulamento a aplicación parcial adoptada en España afecta os pagamentos directos por cultivos herbáceos, algodón, tabaco, oliveiral e azucre, gando vacún, gando ovino e caprino. Os pagamentos a favor do lúpulo inclúense na súa totalidade dentro do réxime de pagamento único.

Decídese utilizar a excepción facultativa do artigo 70 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, para excluír do réxime de pagamento único o sector das sementes e os pagamentos directos incluídos no anexo VI dese regulamento concedidos no período de referencia a agricultores en relación coas explotacións ou parcelas situadas na Comunidade Autónoma de Canarias.

No que atinxe aos importes correspondentes á prima láctea e aos pagamentos adicionais establecidos respectivamente nos artigos 95 e 96 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, a partir da entrada en vigor do réxime de pagamento único, quedaron incluídos nel.

O artigo 33 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, establece as condicións que deben cumprir os agricultores para pöderense acoller ao réxime de pagamento único.

De acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, e no

Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, que establece disposicións de aplicación do réxime de pagamento único previsto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, que establece disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e insta a determinados réximes de axuda aos agricultores, concretáronse os dereitos en conformidade coas axudas do período de referencia e constituíuse unha reserva nacional, mediante o Real decreto 1617/2005, do 30 de decembro, polo que se regula a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime de pagamento único, que pola presente disposición se derroga, sen prexuízo da súa aplicación ás situacións anteriores de asignación inicial de dereitos de pagamento único.

Tendo en conta que o acceso a dereitos procedentes da reserva nacional pode estar limitado ás disponibilidades do momento, establécense, de acordo co disposto nos regulamentos anteriores, as normas para a asignación de dereitos procedentes dela.

Sobre os compromisos que adquiren os titulares de dereitos con respecto ao mantemento destes, establécense as normas de utilización para cada un dos tipos de dereitos de axuda previstos.

Con albo de garantir unha correcta xestión do réxime, dispónense as normas de aplicación para a cesión dos dereitos de axuda, ben como os prazos de notificación desas cesións á autoridade competente. Igualmente, concréntanse os aspectos específicos concernentes aos contratos de arrendamento.

Para os efectos do descrito no parágrafo anterior e en aplicación do disposto no artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, establécense as normas para a aplicación de retencións a favor da reserva nacional en certos casos de venda ou arrendamento.

Por outro lado, no título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello do 29 de setembro de 2003, establécense axudas específicas aos agricultores produtores de trigo duro de alta calidade, proteaxinosas, arroz, patacas para fécula, froitos de casca, cultivos enerxéticos, sementes, oliveiral, algodón e tabaco, que teñen o seu desenvolvemento na presente disposición.

A normativa comunitaria prevé a posibilidade de manter unha parte das axudas aos sectores vacún, ovino e caprino ligadas á produción. No caso do ovino e caprino, segundo o establecido no artigo 67 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, optouse pola opción de desligamento parcial do 50 por cento. No caso do sector vacún, escolleuse a opción recollida no artigo 68 dese regulamento, que permite manter ligada o 100 por cento da prima á vaca nutriz, o 100 por cento da prima ao sacrificio de becerros e o 40 por cento da prima ao sacrificio de adultos.

A aplicación do artigo 69 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello do 29 de setembro de 2003, posibilitou a adaptación ás nosas características e necesidades das orientacións establecidas na reforma recollida nese regulamento. Por isto, concédese unha axuda adicional aos produtores de algodón, tabaco e azucre de remolacha e de cana, e aos gandeiros nos sectores de vacún de carne e de leite. Estes pagamentos están condicionados ao cumprimento de requisitos que teñen por obxecto fomentar a calidade e mellorar a comercialización da produción, esencialmente, co fin de cubriren a demanda específica solicitada polo mercado, o aproveitamento das condicións adecuadas de determinadas zonas, a conservación de razas gandeiras autóctonas e a mellora do ambiente.

Co fin de continuar facendo viable a produción de froitos de casca en España, é conveniente que a axuda atinxa un determinado nivel. Por outro lado, as especiais características de produción e a competencia das importacións